



06/10/2014

Boletín Nº 122



# MONTAÑEIRO S

## 60 ANOS DE ESPELEOLOXÍA NO



O tempo pasa rápido e neste ano o GES Montañeiros Celtas celebra xa o 60 aniversario da primeira exploración á Cova do Rei Cintolo, que por aquel entón tivo moita repercusión no, daquela, incipiente deporte-ciencia e que constituíu e constitúe a base e inicio para tódolos espeleólogos galegos de agora e do futuro.

Querendo aunar o fito histórico que marcou aquela expedición e os tempos actuais, dende GES Montañeiros Celtas temos programado unha serie de **actividades para celebrar ese**

**Exposición** no local social de Club Montañeiros Celtas unha mostra de diverso material e fotografías espeleolóxicas, tanto antigas como actuais.

**Charlas do 8 ao 10 de outubro** que se simultanearán coa exposición. Levaranse a cabo no mesmo local unha serie A temática será a seguinte:

- “Primeiros anos da espeleoloxía en Celtas” (a cargo de Antonio Veiga).
- Contribución ás exploracións espeleolóxicas en Camino de Ario (Picos de Europa) (a cargo de Iago Rodríguez)
- Exploracións espeleolóxicas no maior sistema kárstico de España. Sistema do Mortillano. Cantabria, nas que o club colabora dende fai anos (a cargo de Ángel García, da Agrupación Espeleolóxica Ramaliega).

Para complementar este aniversario, como colofón a esta celebración iremos a fin de semana do 11 e 12 de outubro a  
GES Montañeiros Celtas

CONTIDOS	
Sendeiros/Montaña	2
Espeleo	5
Cultura e medio Ambiente	6
Bici/Vindeiras Actividades	7
Calendario actividades	8

### **AGRADECEMENTO!**

*A sección de espéleo do club quere agradecer a Carlos González Fernández e á súa familia, a doazón dunha corda de espeleoloxía de 80m.*

*Tamén dar as grazas a Fredo (MTDE) polo obsequio dunha saca de canóns para a sección.*

**Síguenos  
no**



## ATLAS MARROQUINO

O Campamento de Alta Montaña organizado pola Federación Galega de Montañismo levou a un grupo de montañeiros ao Atlas Marroquino. Aquí tedes un extracto do relato dun socio do noso club que nos conta a súa experiencia \*

Texto e Fotos: Pedro Comesaña

O pasado mes de abril varios membros do club unímonos a outros compañeiros da Federación Galega de Montañismo para realizar a actividade do Campamento de Alta Montaña, que nos levaría ata a cordilleira do Atlas, en Marrocos. (...) Chegamos, en furgonetas alugadas pola Federación, a Alxeciras arredor do mediodía e puidemos aproveitar para coñecer un pouco esta cidade. (...) E aquí empezaron as nosas peripecias... o transbordador saíu con case dúas horas de atraso, polo que a planificación realizada polos organizadores, que incluía unha pequena visita guiada en autobús a Tánxer, se foi ao traste. De feito, o tren que nos conduciría dende Tánxer a Marrakech esperou uns 5 minutos por nós!. Tras as présas por chegar á estación do tren, e despois de pasar a noite anterior nas furgonetas, o tren-hotel, con camarotes dobres, pareceunos todo un luxo.

Deste modo, o día 13 amencemos en **Marrakech**, onde puidemos gozar da impresionante vitalidade da praza **Jemaa el-Fnaa**, o veciño zoco e a gastronomía local. Pola tarde, emprendemos a nosa viaxe en minibuses a **Imlil (1740 m)**, aldea que constitúe a porta ao Atlas, onde pouco nos deu tempo a facer, máis alá de gozar da cea que nos prepararan (...). todos quedamos impresionados co feito de que o cocinheiro da expedición puidese preparar os pratos dos que gozamos en condicións francamente precarias, especialmente no refuxio, o cal non foi óbice para que cando chegabamos das saídas nos estivese a esperar con té recién feito e chulas de mel, repoñer forzas e volver poñernos as botas cun enerxético almorzo. Tras el, puxémos as botas de verdade e empezamos a suba ao **Refuxio de Nelter (3207 m)**; nela axudáronnos as mulas, que cargaron cos vultos ata a porta mesma do refuxio. Foi interesante observar como a tipoloxía da paisaxe cambiaba segundo dende unha planicie cunha pedreira impresionante, froito probablemente das enchentes do torrente que a atravesaba, en **Azib Assougolor**, aos cedros típicos do Atlas, ata chegar ás altitudes nas que a nosa vista só divisaba a característica rocha escura desta cordilleira e neve.

Foi o día 15 cando **ascendemos o Toubkal (4167 m)**, cume do Norte de África. A suba foi sinxela, requirindo só a primeira hora (mentres o sol non quentou) o uso de crampóns. De feito, dende pouco antes do outeiro ata o cume, o camiño, altamente transitado, estaba completamente libre de neve. No cume puidemos gozar dunhas impresionantes vistas tanto da cordilleira do Atlas coma do deserto veciño. Tras esperar a que se reunificase o grupo e facer a foto de cumio de rigor, comezamos a baixada. Nela desvíamonos lixeiramente do camiño seguido na suba para facer cumio no Toubkal Oeste (4030 m). Lamentablemente, na baixada un dos nosos compañeiros sufriu unha rotura de nocello, o que arruinou o resto da súa viaxe.

O día seguinte, 16 de abril volvemos gozar dun día soleado, sendo os nosos obxectivos



o **Timesquida** e o **Ras**. Ao igual que o día anterior, os crampóns só foron necesarios ao principio da ascensión, mentres o sol estaba aínda baixo. Curiosamente, e a pesar do bo tempo, cando nos reuniamos no outeiro caeron algunhas tímidas folerpas de neve. Unha vez reunificado o grupo, emprendemos a suba ao **Timesquida (4089 m)**, ¡ onde nos encontramos con outro grupo de montañeiros de Porto! A continuación dirixímonos ao próximo cumio do **Ras (4083 m)**, onde aproveitamos para recuperar forzas. Na baixada algúns de nós aventurámonos a subir ata un outeiro na parte este do val do río Assif n'Isougouane, á busca do Lago de Ifni. Tan só puidemos ver un pouco da beira deste (a excursión completa tería requirido pasar a noite de bivaque e non levabamos o material necesario)



Tres dos integrantes no cumio do Toubkal (4.167m)

pero si podemos gozar da impresionante garganta que dá comezo ao val no que se encontra o lago.

Al día 17 foi o último día na cordilleira (que pronto pasa o tempo cando un disfruta). Aínda que inicialmente estaba previsto subir ao Tadat, tras consultalo coa xente do refuxio e algúns outros montañeiros, decidiuse que levaría demasiado tempo (debiamos estar a primeira hora da tarde en Imlil, para coller o minibús que nos levaría de volta a Marrakech). Polo tanto, organizouse unha saída alternativa, que nos levou ata o **Aguelzim Norte (3547 m)** e o **Aguelzim Sur (3650 m)**. Tras ela, volvemos ao refuxio para preparar os macutos (outra vez as mulas foron de grande axuda) e empezar o bonito descenso ata Imlil. Como criamos que o cociñeiro da expedición non nos cebara o suficiente,

esa noite tivemos a cea social nun restaurante próximo ao hotel; por certo, hotel espectacular, con cuartos dobres... ¡chapeau polos organizadores!! (en todos os aspectos).

E pouco máis temos que contar... O día 18 tivemos o día libre en Marrakech, que aproveitamos para pasear pola cidade e comprar algúns recordos para a familia, collendo a última hora o tren-hotel nocturno ata Tánxer. E o día 19 chegamos a primeira hora da mañá a Tánxer, fómonos directos ao novo (e espectacular) porto, transbordador e chegada a Alxeciras. Tras tomarnos un café saímos de Alxeciras, parando pouco despois a comer na xa famosa venda La Palmosa, tras o cal nos desviamos ata Xerez para deixar a un compañeiro e dirixímonos á Ruta da Prata (autovía empregada tamén na viaxe de ida). Tras repoñer forzas en Martinamor, seguimos o camiño, que nos deixou de volta en Vigo a primeirísima hora da mañá do domingo 20 de abril.

(\*Poderedes ler o texto completo na memoria anual do club)

## OS NOSOS MONTES. 1.- CHOZOS DO SUÍDO

Texto e Fotos: Víctor Revenga Lama

Iniciamos Nossos Montes (ING 1/25.000, provincia de Pontevedra), o día 6 de xullo co seu mantra: non asfalto, non pista forestal, non ruta marcada no profundo e duro Suído, que nos recibiu con auga e néboa. Con estes lementos e por trochas de animais, cumios no Couto Cabreira e Couto Miñoto. Xa co ceo encapoadado, pero con vistas á serra de Avión e Pena Corneira continuamos polo conxunto etnográfico e abandonado dos medievais chozos. Comida relaxada entre penedos, con peregrinas ideas económicas, como poñer un local con luz vermella no refuxio do Aloia.

Ao chegar ao Puza, por monte a través comprobamos a súa pedominancia: Cíes, Ons, Curota e Ría de Arousa, Cando, Candán, Couto Novella.. Os Outeiros, Novella, Outeiro. O proxecto de sol e unha curta e dura pendente lévannos ao ancestral Couto dos Xarotos, relax e merenda. Finalmente o restaurado Foxo Vello

Finalmente o restaurado Foxo Vello do lobo e por suave descenso chegamos ao final da ruta no Área recreativa dos Prados en Pigarzos (A Lama).



## OS NOSOS MONTES. 2.- RUTA DA FOZ

Texto: Víctor Revenga Lamas

Camiño de A Guarda, o diluvio e na praia de Área Grande e a pesar da chuvia, 18 dos 24 iniciamos camiño da Foz.

A Foz do Miño, mirada cara o horizonte na procura dun claro no negro ceo, pensar nun refuxio para decidir, continuar ou non. Non foi preciso, o ceo abriu e o sol acompañou o resto do día. Camiño do Tegra visitamos as neolíticas salinas, ascendemos corredoiras e paramos no miradoiro do Outeiro do Lobo, e na orixinal Pedra Furada. Como restaurante tocou o atrio da ermida de Santa Tegra.

Suave baixada pola citania e visita ao Castelo de Santa Cruz, un mínimo de silvas á saída e antes de iniciar a forte e corta subida ao Torroso, pequeno descanso e cargar auga na área recreativa da Comunidade de Montes.

As vistas do Torroso para min foron espectaculares; a un lado o infinito océano e ao outro O Rosal, o Miño e Portugal. Unha senda con vistas ao mar dos tupidos bosques de acacias e un verde sendeiro non levan á orixinal e ben conservada Cetaria Redonda e ao inicio da ruta, Praia de Área Grande.

Cervexa de confraternidade en terraza no mar coa auga pola cintura. Continuaremos novas rutas. Montes do Xaxán?

## SENDEIRO RIO CEREIXO-TEBRA



Texto: Antonio Caldelas

O 8 de xuño saímos ás 10:30 horas dende Santa María de Tebra en Tomiño, subindo pola primeira área de descanso do río Cereixo (ó lado do muíño) cara a central eléctrica.

Continuamos polo marxe dereita cara a presa, caía auga a mares, mollámonos ata os osos. Logo collemos un tramo de estrada para esquivar un niño de avespas que xa nos atacara había 15 días.

Baixamos cara ao río, outra vez, e alí decidimos, no ponte de desvío que hai para Pinzás ou para o campo de fútbol de Cristelo, acurtar a marcha e ir cara ao Campo de fútbol, onde había unha cantina aberta e nos deixaron comer alí os bocatas e compramos uns refrixerios.

Baixamos ao río outra vez cara a marxe dereita, tirando para Tebra. Uns baixaron pola Central Eléctrica e outros collemos un camiño moi bonito que é o que leva o rego da auga cara as casas altas de Santa

María, e alí saíndo o sol con forza, acabamos nos coches e como era cedo achegámonos a unha cantina "A Taberna" a tomar unhas claras e cervexas, e demos por rematado o día.

## FOXO DO LOBO

Esta historia comeza un 21 de setembro do 2014 ás 9:30 horas, onde un aguerrido grupo de montañeiros Celtas se daba cita na Avda de Madrid, onde nos iamos dividir en varios coches para partir rumbo ao Concello de Cotobade onde ía dar comezo a nosa aventura.

Texto e foto: Luis Manuel Iglesias Rodríguez

Sobre as 11 da mañá partimos rumbo ao Foxo do Lobo.

Todos estamos preocupados de se ía chover ou non, ou se iamos encontrar parte do camiño inundado por culpa das chuvias de días anteriores ou polo contrario íannos comer a picadas os "habitantes" da zona.

Pero ao final todas as nosas preocupacións quedaron en nada, salvo algún pé mollado ou algunha rabuñadura con flora autóctona.

Ao longo da mañá percorremos o sendeiro encontrando algunha que outra fonte, como tamén algunha ponte e muíño. Pero case sempre co río como o noso compañeiro de camiño e outros integrantes caninos que se integraron ao noso grupo.

Eran sobre as 14.00 horas cando do silencio no encontramos se comezaron a escoitar os ruxidos dos nosos estómagos e como unha manada de lobos aceleramos o paso ata o foxo onde iamos caer rendidos ante as deliciosas e succulentas comidas que levabamos nas nosas mochilas.

Unha vez acabamos de comer puxémonos en marcha de novo, pero esta vez puxemos pés en polvorosa cando comezou unha pequena treboada que deixou sutilmente unha lixeira choiva sobre as nosas cabezas.

Despois duns quilómetros refrescándonos coa choiva, uns máis que outros (iso vai polos montañeiros que imos de "minimalistas" e imos co mínimo, je, je e molladura ao canto) chegamos ao punto de partida da nosa aventura, onde algúns fomos secarnos e outros se achegarían ao Parque Arqueolóxico Da Arte Rupestre de Campo Lameiro.

En conclusión un día fantástico na SENDA DO FOXO DO LOBO.



## VINDEIRAS ACTIVIDADES

### CULTURA E MEDIO AMBIENTE

#### 18 OUTUBRO. RECOÑECIMENTO DE PLANTAS SILVESTRES

Ánimate a e anótate a esta actividade. Coñecendo o que nos rodea, gozaremos máis das nosas paisaxes ao tempo que aprendemos a querelo máis!

#### 15 NOVIEMBRE. NATUREZA EN FAMILIA

Nace outra actividade encamiñada a grupos familiares con rapaces a partir de 7 anos. As rutas terán unha lonxitude de 10-12 quilómetros.

#### 9 NOVIEMBRE. MAGOSTO- CARREIRA DE ORIENTACIÓN

### MONTAÑA/SENDEIRO

#### 19-OUTUBRO- MINAS WOLFRAMIO-S. SILVESTRE-VALENÇA

#### 1-2- NOVIEMBRE CHANDEXA DE QUEIXA

Interesante actividade que pasa polo Camiño Real de S. Pedro de Rochas, pola senda do Río Mao, durmindo en Chandexa, e percorrermos PR-GR98 do Canón do Sil.

#### 6-7-8 -DECEMBRO.- ANCARES

Nesta ponte de decembro, teremos travesía invernal e sendeirismo.

Animádevos.

## DESCENSO DE CANÓNS XORNADA DE ACHEGAMENTO

*Texto: Sara Núñez Bértolo  
Foto: Sabela Cunqueiro*

Despois da gratificante experiencia da iniciación á escalada só tiveron que insistirme un pouquiño para convencerme de aventurarme no descenso de canóns! Era un pasiño máis no meu achegamento ás actividades do Club!!!!.

13 de xullo 2014. Era mooooi cedo!!!! pero xa podíamos intuír que o sol ía brillar con forza!! Recolleume Iago, e xuntámonos co resto no Concheiro (na Praza de España). Unha vez decidido quen levaba coche e quen non, partimos ben cedo rumbo a Melón, ás fervenzas do río Cerves.

Chegamos a Melón tras unha viaxe moi amena xunto cos meus compañeiros!!! Cambiámonos de roupa, enchemos os macutos para empezar a subir cara onde comezaría a verdadeira actividade, o descenso de canón.

Pensei que a subida ía ser imposible para min, pero levei unha grata sorpresa cando cheguei ao inicio da actividade, coa miña botellita de auga e tras loitar contra toxos e árbores na subida.

Puxemos os neoprenos, escarpíns (no meu caso foron caseiros tras o consello de Jöel de que cunhas bolsiñas non se mollarían os pés.... finalmente molláronse jejeje. Demos un baño para acomodarnos á temperatura da auga... e pouco despois comezaba a primeira aventura!!!! ¿quen quere saltar de 7 metros? Preguntaban... Nerea foi case de primeira como unha tola... eu tardei un pouco máis en decidirme...pero sí!! atrevínme e sen pensalo dúas veces saltei!! Foi increíble!!!! . E era só o comezo !!!!

Fomos descendendo os canóns, rapelando, con moitos nervios, pero moi seguros!!!! Chegabamos ás pozas... e o frío apertaba, pero cando volvíamos baixar xa entrabamos en calor.

Tardamos 5 horiñas en descender ata o fin da actividade, eramos un grupo grande. Ás cinco horas mellor investidas dun domingo ao aire libre!!! Comemos no Mosteiro a comida que cada quen levava e collemos o coche volta a casa con ese cansanzo gratificante de ter realizado o que nunca imaxinarías.

Sen dúbida volvería repetir, foi increíble!!!!



## XVIII CAMPAMENTO DE ESPELEOLOXÍA INFANTIL E XUVENIL

*Texto: Arturo Comesaña  
Foto: Marcos Vaqueiro*



*Foto: Marcos Vaqueiro (CETRA)*

Os días 6 e 7 de setembro de 2014, o noso club participou no XVIII Campamento de espeleoloxía infantil e xuvenil que se celebrou na serra do Courel, onde tamén participaron outros clubs galegos.

Os nenos de Montañeiros Celtas íamos acompañados das monitoras de espeleoloxía: Carol, Rosi e Bego.

O primeiro día fomos directamente a unha cova, alí, tivemos que marcar na topografía as cousas que non deberían estar dentro desta, como por exemplo: “graffitis”, estalactitas e estalagmitas cortadas, lixo...”

Ao saír fomos comer e logo percorremos unha cova que tiña tramos moi estreitos. Gustoume moito!. A continuación, visitamos outra pola que pasaba o fornezo de auta ás casas da vila, polo que tivemos que evitar tocar a auga para non contaminala, foi moi divertido. Esa noite ceamos durmimos nun campamento da zona. O Domingo estivemos no museo xeolóxico de Quiroga,

, onde nos ensinaron réplicas de cráneos dos primeiros poboadores da zona, po de ouro, cornos e moas de mamut, o esqueleto completo dun oso común, así como diversos fósiles . Esta foi unha visita moi interesante.

A saída gustoume moito, como todas as saídas que fago con Montañeiros Celtas.

## PEQUEMARCHA- BOUZAS- CABO DO MAR

Texto: Nerea Suárez

Para comezar o mes de xuño, tivemos un gran día para disfrutar da Pequemarcha e fomos camiñando dende Bouzas ata Samil.

Quedamos na praia da Fonte, e dende alí collemos o Vitrasa que nos deixou en Bouzas, dende alí fomos camiñando polo paseo de Bouzas e tamén a través de praias ata o Acuario e o Museo do Mar.

No acuario repartiron entre os máis pequenos fotos dos peixes para que eles os buscaran por alí, polo que todos os nenos corrían polo acuario para encontrar o da súa foto nadando por alí, e no museo do Mar vimos como se traballa no mar tamén vimos o esqueleto dun cachalote, traxes de buzo ...

Ao rematar a visita seguimos coa nosa ruta ata chegar a Samil, ás dunas. Comemos na herba entre sol e sombra e algúns ata durmiron sesta. Os que permanecemos espertos, collemos a pebida de albaricoque e fíxemos un asubío con ela !!

Logo os máis pequenos voaron nunha escoba máxica, xogaron ao baloncesto cunha canastra móbil, fixeron carreiras de sacos, saltaron coa corda... todo acompañado pola música do acordeón de Pedro, e así fomos pasando a tarde... algúns atrevidos despois disto foron ata a praia e algúns ata se bañaron!! Outros quedaron de relax na herba o outros poucos cansos marchamos para casa..



## PEQUEMARCHA RUTA POLO RÍO XABRIÑA (Xuño)

Unha vez máis puidemos disfrutar dunha fermosa xornada cos máis pequenos; desta volta polas marxes do Río Xabriña. Xornada que despedía a tempada de “pequemarchas” ate despois do verán e que non puido ser mellor nin máis completa.

Texto: Rute Rivas

Foto: Lourdes Castiñeira

Comezamos o día desembarcando en Paraños (Covelo) arredor das 11 da mañá e achegándonos a visitar un lugar de cera restaurado pola Comunidade de Montes de Paraños. Alí atendemos ás explicacións de dous dos membros da Comunidade de Montes sobre o funcionamento do lugar e todo o proceso de obtención da cera para a confección principalmente de velas e exvotos. Tamén tivemos ocasión de ver de preto unha pía de branqueo de cera, onde se lle sacaban as impurezas e unha espectacular eira, tamén de branqueo de cera, onde se deixaba a cera ao sol. Dirixímonos despois a visitar o Centro de Interpretación da Ceraría de Paraños onde presenciamos unha demostración de elaboración de velas e exvotos de xeito artesanal. Os máis pequenos tiveron a ocasión de probar eles mesmos a facer os seus propios exvotos, incluso empregando a propia man como modelo.



Despois dun pequeno petisco, a carón do centro de interpretación e a igrexa de Santa María de Paraños, baixamos directos ao río para comezar o roteiro pola beira do río Xabriña. Un roteiro limpo e nunhas condicións excelentes cunha bonita vexetación de ribeira. Comezamos pola beira dereita ate a Ponte da Lagoa para cambiar a andar augas arriba. O camiño levábanos entre salgueiros e amieiros e moitos e fermosos muíños. Nun deles, restaurado, os pequenos tiveron a ocasión de ver como funcionaba. Primeiro debullaron un pouco de millo e despois puideron ver como se moía resultando a fariña. Todo isto grazas ao presidente da Comunidade de Montes que se prestou a amosárnolo. Tamén tivemos ocasión de pasar pola Fonte da Fame. Lugar “interesante” para moitos dos pais pois seica se conta que a fonte tiña a propiedade de abrir o apetito sendo moi recomendable para aquelas crianzas que non comen moi ben. Finalmente dirixímonos cara a área de lecer das Levadiñas onde tiñamos os coches aparcados e o xantar agardando para repoñer forzas. Puidemos xantar a carón dun muíño restaurado onde os nenos o pasaron xenial xogando coa auga que chegaba canalizada.

O fermoso do lugar animounos a seguir camiñando após o xantar e, como non podía ser doutro xeito, sempre ao ritmo que marcaban os pequenos dando mostras da súa enerxía e facendo suar aos maiores. O percorrido seguía río arriba entre conxuntos de muíños idílicos e fermosos recunchos con ferverzas. Quizais o máis impresionante desta parte foi camiñar a carón do Pozo do Demo, un fermoso canón fluvial. Xa á altura da N-120 abandonamos a beira do río para volver á aldea. Quixo a sorte, ou unha organización milimétrica, que comezara a chover cando chegabamos ao Centro Cultural, unha fermosa casa rehabilitada, que serviu para abrigarse e pór o punto final a unha estupenda xornada.

## PEDALEANDO POLO LAGO DE SANABRIA

*A actividade do 30-31 de agosto transcorreu por paisaxes cambiantes, dende frondosos bosques a carón do río, ata paraxes que semellaban a gran sabana africana.*

Aínda que ultimamente parece que custa máis participar nas rutas de BTT ( esta vez eramos seis ciclistas: Almudena, José Luis Vázquez, Carlos, Juan, Maxi e Pedro), as saídas cada vez son máis interesantes e para mostra estes dous días no entorno fantástico do Lago de Sanabria.

No primeiro día baixamos do Padornelo, onde deixamos os coches, ata o lago de Sanabria e de aquí subimos a San Martín de Castañeda onde pernoctamos no albergue para “montañeiros e amantes da natureza” como rezaba na placa.

Dende o Padornelo, tras preparar as alforxas e as mochilas e tomar uns cafés repoñedores, dirixímonos a Puebla de Sanabria. Seguimos paralelos ás obras do Ave ata chegar ó Camiño de Santiago polo que basicamente transitaba a ruta. En Puebla de Sanabria, tras facer unha pequena visita turística, xantamos nunha praciña con vistas ó río. Retomamos a marcha ata o Lago atravesando unha paisaxe cambiante, pero sempre engaiolante, unhas veces parecía que cruzabamos unha pequena sabana africana, e outras viaxabamos ó carón do río por frondosos bosques. Evidentemente non todo tiña que ser pedalear, así que tamén fixemos as paradiñas para tomar unha cervexiña ou calquera outro refrixerio ou para bañarse nas mornas augas do Tera. Cando chegamos ó lago o sol xa estaba a se deitar, pero.. como non sentarse no chiringuito a recuperar líquidos!

Quedaba a subida a San Martín de Castañeda, Pedro xa nos dixera que había unha costiña, xa xa!, de costiña nada, un señora costa de pedrolos soltos e un desnivel máis que notable, algúns subimos a pé. Así, entre lusco e fusco cruzamos a vila e chegamos ó albergue, instalámonos, duchámonos e... volta a bici para baixar cear.

Cando nos vimos nas camiñas, iso si que foi un ghustaso! Esa noite non se sentiu roncar a ninguén!!!

Que traballo custa arrancar pola mañá aínda que o día amaieza radiante. Neste segundo día, a ruta nos levaría dende San Martín de Castañeda ata o Padornelo, pasando pola Lagoa dos Peixes e o encoro de Porto. Despois de almorzar, revisar as bicis e montar outra vez as mochilas e as alforxas, comezamos a subir cara a Lagoa dos Peixes. Boa forma de quecer, e a bo fe que era necesario pois o día non ía ser doado.

Aquí collemos cara a Pena Trevinca por un sendeiro que nos levaría a un outeiro dende o que, literalmente, nos tiramos polo monte abaixo cara o río. O sol pegaba forte e sombra non había ningunha, ah sí, a *pantalla* solar de protección total!. Seguindo polo río chegamos a un dos refuxios dos varios que hai na ruta, alí xantamos e tombámonos un anaco, cumpría descansar xa que quedaba máis da metade da ruta. Aquí comezou a preocupación pola auga pois segundo o guía había poucas fontes. Bo! Fontes había, pero tiñan bichos! Eran pequenos mananciais cun cano e unha tapiña de pedra para que non beberan os animais. Algún non quixo coller a auga, e se o fixo botoulle unha pílula desas depuradoras, as instrucións dicían que había que esperar dúas hora para beber! Con todo estabamos a divertirnos, o sendeiro era doado e a paisaxe extraordinaria salpicada de verdes praderías e pequenos encoros como lagoas.

Ata aquí todo moi ben, pero a BTT tamén ten o seu aquel de sufrimento, así que de contado comezamos a subir, pasamos polo encoro de Porto, polos montes de Valdecasares e Malladabarreiro. A subida, bastante tendida pero con algunhas pendentes duras. O cansazo xa se notaba e algúns tiñan pouca auga. Xa no alto atopamos outra fonte onde repostamos. Chegamos a un parque eólico e comezamos a baixar rapidamente cara a Padornelo. Cando chegamos xa se deitara o sol. Tivemos un ratiño para tomar uns bocatas e unhas cervexas comentando a saída e xa de contado collemos os coches para volver a casa.

Saídas como esta son as que fan que preguntemos cando é a próxima. Espero que vos animedes a participar nas vindeiras rutas.



## VINDEIRAS ACTIVIDADES

Tedes máis información das actividades  
 na páxina web e no Club

OUTUBRO	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	4-5	Pequemarcha Maceira-Covelo.Acampada	Cultura e M Ambiente
	4-5	Campamento e marcha Infantil-Xuvenil	FGM-Celtas.
	7	Curso de iniciación de buceo	Mergullo
	8-10	60º aniversario. Charlas e proxeccións no club	Espeleo
	11-12	60º aniversario. Campamento Social de espeleoloxía. Lugar Mondoñedo.	Espeleo
	11-12	Campamento social de espeleoloxía	Espéleo
	12	A determinar	Escalada
	19	Minas de Wolframio-S.Silvestre Valença Portugal	Montaña/Sendeiro
	18	Recoñecemento de plantas silvestres	Cultura e M. Ambiente
	19	Biduiral de Montederramo	Bici
	19	Ruta polo bidueiral de Montederramo	Infantil

NOVEMBRO	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1-2	Chandrea de Queixa	Montaña/Sendeiro
	8	Aloia- Magosto Social	Social
	9	Pequemarcha. Aloia magosto-carreira orientación	Cultura e M Ambiente
	8-9	19º Campamento Infantil Xuvenil espeleoloxía	Espéleo
	15	Armenteira- O Salnés	Bici
	15	Camiñando en familia	Cultura e M Ambiente
	15-16	Exploración de punto novo	Mergullo
	16	Ruta de sendeirismo polo río Barragán	SD Infantil
	22	A determinar	Escalada
	23	A determinar	Montaña/sendeiro

DECEMBRO	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	6-7-8	Ancares (Travesía e Sendeirismo)	Montaña/Sendeiro
	14	Ruta de sendeirismo Beade- Galiñeiro	Infantil
	19	Festa Fin de ano	Sociais
	27	Bembrive	Bici
31	Mergullo fin de ano	Mergullo	

### CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias, 78 Oficina K – 36211 Vigo.
- ♦ Teléfono: 986 438 505
- ♦ Fax: 986 122 220
- ♦ Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)
- ♦ Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)

**Precisamos colaboradores nas diferentes seccións do club, especialmente na SECCIÓN INFANTIL.**

**Descubre o gratificante que é organizar actividades ao tempo que compartes experiencias e gozas do medio natural.**

**O traballo de todos é o futuro do noso club. Toda man é boa!!.**

**COLABORA CO TEU  
CLUB!!!**

**PUBLI-CORREO**

